

(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña




www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/04/2019 13:20:56

SAIDA 4341/19



Reclamante [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 024/2019

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 29 de Xaneiro de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 29/01/2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, contra a admisión parcial pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, da súa solicitude de acceso á información da relación de persoas admitidas, orde de prelación das persoas que se presentaron á convocatoria, cobertura da vacante deixada se o posto convocado se cubriu nos termos indicados polo artigo 15 do V Convenio Colectivo e relación completa de todas as prazas de persoal laboral do persoal de estradas (con indicación da súa cobertura ou non cobertura, ano de acceso a ese código de praza, así como o carácter e modo de acceso), referente á convocatoria do 9 de maio de 2018 para a realización de funcións de superior categoría nun posto do Grupo III categoría 007 de persoal laboral da Xunta de Galicia.

O reclamante indicaba que considera que existiu un nomeamento ao marxe ou sen todos os requisitos do convenio laboral e Estatuto dos Traballadores e por outra banda, que se están



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

a desenvolver funcións públicas ao marxe da relación de postos de traballo e con prexuizo persoal para el.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude de acceso á información, da resolución do 14 de decembro de 2018, e do seu DNI.

Segundo. Con data 1 de Febreiro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Infraestruturas e Vivenda para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 12 de febreiro de 2019

Terceiro. Con data 20 de Marzo de 2019 a Consellería de Infraestruturas e Vivenda contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe se fai constar que por Resolución do 17 de decembro de 2018 procedeuse a admitir parcialmente a trámite a solicitude presentada por [REDACTED] en base ao disposto no artigo 27.3 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e con data do 18 de decembro de 2018 remítiselle ao interesado a Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da solicitude de información pública presentada, constando no expediente acuse de recibo con data do 26 de decembro de 2018 da citada resolución.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, podrá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

Desde a perspectiva do cómputo dos prazos, considérase que a presentación da reclamación é extemporánea, xa que a notificación da resolución recorrida practicouse o 26 de decembro de 2018, segundo consta no informe da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 29 de xaneiro de 2019, é dicir, fora do prazo previsto no artigo 28 da Lei 1/2016, que prevé que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, e que a reclamación se interporá no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Pola súa banda, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece no seu artigo 30.4, ao regular os termos e prazos, que se o prazo se fixa en meses ou anos, estes computaranse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou desde o seguinte a aquel en que se produza a estimación ou desestimación por silencio administrativo. O prazo concluirá o mesmo día en que se produciu a notificación, publicación ou silencio administrativo no mes ou o ano de vencemento. Se no mes de vencemento non houbese día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes. Por conseguinte, dado que a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o día 29 de xaneiro de 2019, resulta innegable que a reclamación presentouse unha vez superado o prazo dun mes a que se refire o artigo 28.

Os efectos da presentación da reclamación fóra de prazo, de conformidade co disposto no artigo 29 da Lei 39/2015, obrigan non só ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos, senón tamén aos interesados nos mesmos. Nas reclamacións potestativas ante a Comisión de Transparencia de Galicia, debido a que teñen por obxecto a revisión dun acto administrativo, de acordo co disposto no artigo 116 d) da Lei 39/2015, é causa de inadmisión o transcurso do prazo para a interposición do recurso, sendo esta disposición plenamente aplicable a esta reclamación, de conformidade co disposto no artigo 24.3 da Lei 19/2013, que establece que a tramitación da reclamación axustarase ao disposto en materia de recursos na normativa en materia de procedemento administrativo.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, e en virtude da delegación de competencias outorgada pola Comisión de Transparencia de Galicia en sesión do 30 de maio de 2017 (DOG nº 136, do 18 de xullo de 2017),

ACORDO




Único: Inadmitir por extemporánea, a reclamación presentada por [REDACTED]

[REDACTED] con data 29 de enero de 2019, contra admisión parcial pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da súa solicitude de acceso á información, en relación coa convocatoria do 9 de maio de 2018, para a realización de funcións de superior categoría nun posto do Grupo III categoría 007.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa únicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019


Milagros Otero Parga
Presidenta da Comisión da Transparencia